

BASES REGULADORAS DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES **DURANTE O CURSO ESCOLAR 2025/2026** **CEIP OZA DOS RÍOS**

1) OBXECTO

O obxecto destas bases é organizar o desenvolvemento das actividades extraescolares propostas polo CEIP Oza dos Ríos, oída a ANPA dese centro escolar, que contribuirán a unha mellora da calidade educativa prestada ao alumnado que fomenten a integración social, a superación por parte dos alumnos dos retos que a formación supoñen, que promovan a cultura e o deporte ao tempo que facilitan a conciliación das familias e permitan un desenvolvemento máis sinxelo e eficiente de todos os plans de estudo.

2) DESTINATARIOS E CIRCUNSTANCIAS DE SAÚDE

2.1. Terán acceso ao programa de “Actividades extraescolares durante o curso escolar 2025/2026” todo o alumnado que o solicite, que estean escolarizados no CEIP Oza dos Ríos sempre que se axusten aos números mínimos e máximos de viabilidade e á orde de prioridade que se establezan nas presentes bases.

2.2. Calquera circunstancia de saúde que lle poida afectar ao/á menor (alerxias, intolerancias, enfermidades crónicas, afeccións de saúde,...) deberase facer constar expresamente na solicitude, debéndose achegar coa mesma, en sobre pechado, un informe médico sobre a diagnose e contendo, no seu caso, instrucións e actuacións que deberá ter en conta o monitorado. No suposto de que na solicitude se indique a existencia de ditas circunstancias e non acheguen informe médico xunto coa instancia desestimárase a solicitude de participación do/a menor correspondente. O concello de Oza-Cesuras comprométese ao tratamento axeitados destes datos confidenciais, de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos.

3) ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES OFERTADAS: DÍAS, HORARIOS, DURACIÓN, PRAZAS MÍNIMAS E MÁXIMAS, LUGARES DE REALIZACIÓN, EMPRESAS ENCARGADAS DA SÚA IMPARTICIÓN E COTA MENSUAL DE PARTICIPACIÓN.

3.1.- ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES OFERTADAS

	DÍA SEMANA	HORARIO	N.º MÍNIMO DE PRAZAS	N.º MÁXIMO DE PRAZAS	LUGAR DE REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE**	COTA MENSUAL DE PARTICIPACIÓN
PATINAXE	Luns ou Mércores	15:30h a 16:30h	10	20	Pavillón Lois	8€/mes





URBAN DANCE	Xoves ou Venres	15:30h a 16:30h	10	20	Pavillón Lois Ou Patio CEIP Oza dos Ríos	8€/mes
TEATRO	Martes ou Mércores	15:30h a 16:30h	10	20	Aula de psicomotricidade do colexio	8€/mes
XIMNASIA RITMICA	Martes ou Xoves	15:30h a 16:30h	10	20	Patio CEIP Oza dos Ríos	8€/mes
TAEKWONDO	Luns ou Mércores	15:30h a 16:30h	10	20	Patio CEIP Oza dos Ríos	9€/mes
PINTURA	Mércores ou Venres	15:30h a 16:30h	10	16	Planta baixa Casa Consistorial	8€/mes
Tenis/Padel	Venres	16:00 h a 17:00 h	10	16	Pistas Complexo Deportivo de Salto	8€/mes

*** Naquelas actividades en que os lugares de desenvolvemento das actividades non se encontren dentro do recinto escolar os pais ou titores encargados das nenas e nenos participantes ou persoa autorizada deberán encargarse do seu desprazamento.*

- As actividades extraescolares rematarán o 31 de maio de 2026.

3.2. PRAZAS:

- Se non se acada o número mínimo de participantes indicado para cada unha das actividades extraescolares non se poderán levar a cabo.

Non obstante, o concello se o estimase conveniente poderá establecer un procedemento sumario e urxente para admitir novas solicitudes ata que, polo menos, se cubra o total de prazas mínimas previstas.

- O número máximo de participantes será o indicado para cada unha das distintas actividades extraescolares.

3.3 COTA DE PARTICIPACIÓN

3.3.a. A cota de participación será de devengo trimestral e o seu importe será o que corresponda ao citado período segundo os prezos indicados na base 3.1 das presentes bases.

3.3.b. Cada unha das citadas actividades extraescolares poderá ser bonificada nun importe máximo de 3€/mes por causas sociais, culturais, educativas ou similares. Para este efecto, o CEIP dirixirá comunicación ao concello na que se conteña a listaxe dos/as menores a bonificar.

3.4.c. O concello de Oza-Cesuras, previa proposta favorable dos servizos sociais municipais e posterior acordo de aprobación polo órgano competente, bonificar:



integramente a cota de participación dun máximo de **dúas** actividades para cada un dos nenos e nenas empadroados en Oza-Cesuras en función dos ingresos económicos da unidade familiar.

Segundo isto, establecece o seguinte baremo:

- ☒ **Bonificación 2 actividade:** O límite estaría nunha renda familiar de 10.000 € máis 1.000 € por cada fillo/a.
- ☒ **Bonificación 1 actividade:** O límite estaría nunha renda familiar de 18.000 € máis 1.000 € por cada fillo/a.

Para estes efectos enténdese por:

a) UNIDADE FAMILIAR: Considérase familia para calcular o baremo de recursos, o matrimonio ou parella, os/as pais/nais ou titores legais e os/as fillos/as menores que dependan economicamente destes. No caso de separación ou divorcio, non se considerará membro da unidade familiar aquel que non conviva co/a solicitante da bolsa de axuda. En cambio, si terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida ao pai/nai e que si conviva co/a solicitante. A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que determine a mesma e o convenio regulador onde conste a custodia do/a menor.

b) RENDA FAMILIAR: O total ingresos obtidos por todos os membros computables da unidade familiar, sexa cal sexa a súa procedencia (rendementos do traballo por conta propia ou allea, pensións, prestacións e subsidios, rendas de capital,...) resultante da suma das casillas 435(Base imponible xeral) + 460(Base imponible do aforro) do IRPF 2023 xa que, a consulta se realizará unha vez finalizado o prazo de presentación do mesmo.

Para a aplicación da bonificación anteriormente indicada deberá presentarse polos pais/nais ou titores dos nenos e nenas participantes nas citadas actividades extraescolares, **antes do vindeiro 31 de xullo de 2025**, solicitudes no modelo oficial que figura como Anexo I no Rexistro Xeral do Concello de Oza-Cesuras, en calquera das sedes de Oza dos Ríos e Cesuras, telemáticamente na sede electrónica do Concello de Oza-Cesuras, con certificado dixital, ou por calquera dos procedementos que prevé o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

Tamén se poderá obter o modelo de solicitude a través da páxina web www.concellodeozacesuras.es.



Xunto coa solicitude asinada polo/a solicitante (pai/nai ou tutor/a), deberase presentar a seguinte documentación:

1.- D.N.I. de ambos proxenitores. *(Salvo no caso de familias monoparentais ou existencia de convenio regulador con custodia exclusiva para un dos proxenitores)*

2.- Libro de familia (deberán presentarse as follas de toda a familia).

3.- A capacidade económica da unidade familiar calcularase en atención a súa renda e se é o caso ao seu patrimonio. A renda valorarase atendendo ós ingresos netos que se perciban e que comprenderán os rendementos do traballo, incluídas as pensións e prestacións de previsión social (nacionais e/ou do estranxeiro), calquera que sexa o seu réxime (certificado 2023); os rendementos de capital mobiliario e inmobiliario; os rendementos das actividades económicas e as ganancias e perdas patrimoniais.

Ante calquera dúbida a comisión calificadora poderá solicitar declaración xurada de ingresos.

- No caso de non autorizar a súa consulta (Anexo III), achegará a declaración da renda correspondente ao último exercizo (ano 2023) e de non estar obrigado a facela, certificado acreditativo do nivel de renda emitido pola Axencia Tributaria.
- No caso de separación ou divorcio, copia da sentenza e do convenio regulador así como xustificantes das aportacións do excónxuxe ou, no seu defecto, denuncia por incumprimento de sentenza.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, serán valoradas polos Servizos Sociais a totalidade das solicitudes presentadas, que emitirán un informe proposta de concesión/denegación e logo procederase a súa aprobación polo órgano competente.

4. LUGAR E PRAZO DE INSCRIPCIÓN E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN NAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

O prazo de inscrición, que se anunciará na web do concello, comezará o 6 de xuño de 2025, e rematará ás 14:00 h do 20 de xuño de 2025 (ambos incluídos).

A solicitude para poder participar nas actividades extraescolares, axustada ao modelo que figura nas presentes bases, poderá presentarse presencialmente no rexistros administrativos municipais, en calquera das sedes de Oza dos Ríos e Cesuras, cubrindo o formulario dispoñible na páxina web do concello ou ben de xeito telemático mediante o modelo de solicitude xeral dos procedementos normais da sede electrónica do concello (<https://ozacesuras.sedelectronica.es>) achegando



mesma o formulario de solicitude e anexos dispoñible na web do concello para a realización deste trámite.

A admisión para cada unha das actividades será por rigorosa orde de inscrición en calquera dos rexistros municipais indicados no parágrafo anterior, e atendendo á orde de preferencia indicada polos solicitantes para cada unha das actividades, sempre e cando non se supere o número máximo de participantes.

No suposto de presentarse máis solicitudes que prazas, coas nenas e nenos que non foran admitidos nas actividades crearase unha lista de reserva e ofertaráselles a actividade no momento en que haxa unha praza vacante.

5. FORMA DE PAGAMENTO

O pagamento das cotas de participación farase autorizando ao Concello de Oza-Cesuras para o seu cobro mediante domiciliación bancaria que se levará a cabo de xeito trimestral nas seguintes datas aproximadas:

- Entre os días 1 e 10 de xaneiro de 2026 as mensualidades das que se presten actividades no 4º trimestre de 2025.
- Entre os días 1 e 10 de abril de 2026 a correspondente ao 1º trimestre de 2026.
- Entre os días 1 e 10 de xuño de 2026 a correspondente ao 2º trimestre de 2026.

6. BAIXAS NAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

As solicitudes de baixa nas actividades deberán ser formuladas por escrito e presentadas no rexistro xeral do Concello ou mediante correo electrónico dirixido a cultura.deportes@concellodeozacesuras.es. A estimación da citada baixa conlevará o dereito ao non pagamento das cotas de participación a partires da data na que se fai efectiva a baixa e suporá que a dita praza quede vacante e poderá ser cuberta con nenas e nenos da lista de agarda.

7. DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBE ACHEGAR:

Todas as solicitudes deberán achegar:

1 - As solicitudes deberán formularse segundo o modelo oficial que figura como **Anexo I** dirixido ao Sr. Alcalde do Concello de Oza-Cesuras, e que se presentará no Rexistro Xeral do Concello de Oza-Cesuras, en calquera das sedes de Oza dos Ríos e Cesuras, telemáticamente na sede electrónica do Concello de Oza-Cesuras, con certificado dixital, ou por calquera dos procedementos que prevé o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).



Tamén se poderá obter o modelo de solicitude a través da páxina web www.concellodeozacesuras.es.

2- Xunto co ANEXO I de solicitude asinado polo/a solicitante (pai/nai ou titor/a), deberase presentar a seguinte documentación indicada nel, no apartado “DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR”

Deberán aportarse os seguintes documentos segundo os casos que se especifican (sinala as casillas correspondentes aos documentos que achega):

- D.N.I. de ambos proxenitores (*Salvo no caso de familias monoparentais ou existencia de convenio regulador con custodia exclusiva para un dos proxenitores*). No caso de separación ou divorcio, copia da sentenza e do convenio regulador así como xustificantes das aportacións do ex-cónxuxe ou, no seu defecto, denuncia por incumprimento de sentenza.
- Libro de familia (deberán presentarse as follas de toda a familia).

A capacidade económica da unidade familiar calcularase en atención a súa renda e se é o caso ao seu patrimonio. A renda valorarase atendendo ós ingresos netos que se perciban e que comprenderán os rendementos do traballo, incluídas as pensións e prestacións de previsión social (nacionais e/ou do estranxeiro, calquera que sexa o seu réxime (certificado 2023); os rendementos de capital mobiliario e inmobiliario; os rendementos das actividades económicas e as ganancias e perdas patrimoniais. Ante calquera dúbida a comisión cualificadora poderá solicitar declaración xurada de ingresos.

No caso de solicitar a bonificación por criterio de renda, deberá achegar:

- ☐ **ANEXO II** - SOLICITUDE BONIFICACIÓN ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES CURSO 2025/2026
- ☐ **ANEXO III** de AUTORIZACIÓN PARA OBTENIR DATOS DA AXENCIA ESTATAL DA ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA
 - ☐ No suposto de non autorizar a súa consulta (Anexo II), achegará a declaración da renda correspondente ao último exercicio (ano 2023) e de non estar obrigado a facela, certificado acreditativo do nivel de renda emitido pola Axencia Tributaria.
 - ☐ No suposto de estar desempregado/a, presentar documentación que acredite dita situación e certificado do SEPE da percepción ou non de prestación.





- ☐ No suposto de percibir pensión por xubilación, viudedade, orfandade ou incapacidade, deberán presentar o certificado expedido polo organismo competente da cantidade percibida.
 - ☐ No suposto de separación ou divorcio, copia da sentenza e do convenio regulador así como xustificantes das aportacións do ex-cónxuxe ou, no seu defecto, denuncia por incumprimento de sentenza.
 - ☐ No suposto de estimarse oportuno, por terse modificado desfavorablemente a situación económica, poderanse presentar tamén xustificantes de ingresos do ano 2025 ata a data da convocatoria, para que, no seu caso, analizadas as circunstancias, a Comisión Cualificadora poida propoñer o que estime procedente.
- ☐ **ANEXO IV** - CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS PREVISTOS NO ARTIGO 13 DA LEI 38/2003 E ARTIGO 10 DA LEI 9/2009

En calquera caso o/a beneficiario/a ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola intervención do Concello, Tribunal de Contas ou Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O/a beneficiario/a ten a obriga de reintegro dos fondos no suposto de incumprimento dos requisitos e obrigas establecidas para a concesión da subvención, e, en todo caso, nos supostos regulados no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Oza-Cesuras, na data indicada na sinatura electrónica

O ALCALDE,
Asdo. José Pablo González Cacheiro





ANEXO I

SOLICITUDE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES CEIP OZA DOS RÍOS

1.- DATOS DA/O NAI / PAI / TITOR

Nome e apelidos			NIF
Enderezo			
Código Postal	Municipio	Provincia	
Teléfono	Móbil	Correo electrónico	

2.- DATOS DA/O MENOR

Nome e apelidos	NIF		
Curso no que se atopa:			
INFANTIL:			
☐ 4º INFANTIL	☐	PRIMARIA:	☐
☐ 5º INFANTIL	☐	PRIMEIRO	☐
☐ 6º INFANTIL	☐	SEGUNDO	☐
		TERCEIRO	☐
			CUARTO
			QUINTO
			SEXTO

3.- SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN DO SEU FILLO NA/S ACTIVIDADE/S DE:

	DÍA SEMANA	HORARIO	N.º MÍNIMO DE PRAZAS	N.º MÁXIMO DE PRAZAS	LUGAR DE REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE**	COTA MENSUAL DE PARTICIPACIÓN	ORDE DE PREFERENCIA DAS ACTIVIDADES
PATINAXE	Luns	15:30h a 16:30h	10	20	Pavillón Lois	8€/mes	
URBAN DANCE	Xoves ou Venres	15:30h a 16:30h	10	20	Pavillón Lois Ou Patio CEIP Oza dos Ríos	8€/mes	
TEATRO	Martes ou Mércores	15:30h a 16:30h	10	20	Aula psicomotricidad e do colexio	8€/mes	
XIMNASIA RÍTMICA	Martes ou Xoves	15:30h a 16:30h	10	20	Patio CEIP Oza dos Ríos	8€/mes	
TAEKWONDO	Luns ou Mércores	15:30h a 16:30h	10	20	Patio CEIP Oza dos Ríos	9€/mes	
PINTURA	Mércores ou Venres	15:30h a 16:30h	10	16	Planta baixa Casa Consistorial	8€/mes	
Tenis/Padel	Venres	16:00h a 17:00 h	10	16	Pistas Complejo Deportivo de Salto	8€/mes	





.- MANIFESTA:

- ☐ Que para a realización de actividade/s arriba indicadas se lle informou suficientemente e nunha linguaxe comprensible sobre as características da actividade na que vai a participar o seu fillo/a e sobre as condicións requiridas para dita participación.
- ☐ Que se lle informou de forma suficiente e clara sobre os riscos de dita/s actividade/s e a titulación dos técnicos e medidas de seguridade a adoptar pola organización na relación da/s mesma/s.
- ☐ Que carece de contraindicación algunha e dispón das condicións físicas necesarias para a realización de dita/s actividade/s deportiva/s, no seu caso.
- ☐ Que coñece e entende as normas reguladoras da/s dita/s actividade/s e está plenamente conforme coa mesma admitindo o seu sometemento á potestade de dirección e/ou disciplinaria da organización.
- ☐ Que asume voluntariamente os riscos da actividade/s deportiva/s nas que vai participar o seu fillo e, en consecuencia exime á organización de calquera dano ou prexuízo que poida sufrir no desenvolvemento da/s mesmas. Tal exención non comprende os danos e prexuízos que sexan consecuencia da culpa ou negligencia da organización.

5.- DATOS DE DOMICILIACIÓN DO PAGO

Moi Sr. meu:

Prego a Vde. que ata nova orde faga efectivos ó Concello de Oza-Cesuras os recibos librados por dito organismo correspondentes á percepción do servizo arriba indicado, con cargo á conta que se especifica a continuación, da que son titular:

Titular da conta:

NIF:

Número de conta:

-

Entidade bancaria:

**Sinatura titular conta
selo da entidade bancaria**

Sinatura e

Nota: No caso de ter domiciliada algunha actividade nesta mesma conta non é necesaria a validación pola entidade bancaria, se ben esíxese a sinatura do titular.

Oza-Cesuras, a ____ de ____ de 2025

Asdo.-



A taxa devégase o día 1 de cada mes e esíxirase mediante a domiciliación bancaria ata que remate a actividade. Agás que se formalice a baixa na mesma no mes anterior ao que se pretende cesar na actividade.

(*) O CONCELLO RESÉRVASE O DEREITO DE ANULAR ALGUNHA DAS ACTIVIDADES SE NON SE CUBRE O NÚMERO MÍNIMO DE PRAZAS.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE OZA-CESURAS

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR

Deberán achegarse os seguintes documentos segundo os casos que se especifican (sinala as casillas correspondentes aos documentos que achega):

- ☐ D.N.I. de ambos proxenitores (*Salvo no caso de familias monoparentais ou existencia de convenio regulador con custodia exclusiva para un dos proxenitores*). No caso de separación ou divorcio, copia da sentenza e do convenio regulador así como xustificantes das aportacións do ex-cónxuxe ou, no seu defecto, denuncia por incumprimento de sentenza.
- ☐ Libro de familia (deberán presentarse as follas de toda a familia)..
- ☐ **ANEXO I-** SOLICITUDE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES CEIP OZA DOS RIOS
- ☐ **ANEXO II-**SOLICITUDE DE BONIFICACIÓN ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES no CURSO 2025-2026

A capacidade económica da unidade familiar calcularase en atención a súa renda e se é o caso ao seu patrimonio. A renda valorarase atendendo ós ingresos netos que se perciban e que comprenderán os rendementos do traballo, incluídas as pensións e prestacións de previsión social (nacionais e/ou do estranxeiro, calquera que sexa o seu réxime (certificado 2023); os rendementos de capital mobiliario e inmobiliario; os rendementos das actividades económicas e as ganancias e perdas patrimoniais. Ante calquera dúbida a comisión cualificadora poderá solicitar declaración xurada de ingresos

- ☐ **ANEXO III** - AUTORIZACIÓN PARA OBTEN DATOS DA AXENCIA ESTATAL DA ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA. No caso de non autorizar a consulta da renda da unidade familiar por medio do citado Anexo, achegará a declaración da renda correspondente ao último exercicio (ano 2023) e de non estar obrigado a facela, certificado acreditativo do nivel de renda emitido pola Axencia Tributaria de todos os membros da unidade familiar.
- ☐ No suposto de non autorizar a súa consulta (Anexo III), achegará a declaración da renda correspondente ao último exercicio (ano 2023) e de non estar obrigado a facela, certificado acreditativo do nivel de renda emitido pola Axencia Tributaria, ou organismo correspondente.



□ **ANEXO IV** - CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS PREVISTOS NO ARTIGO 13 DA LEI 38/2003 E ARTIGO 10 DA LEI 9/2009

O empadramento e o xustificante de estar matriculado no CEIP Oza dos Rios comprobarase de oficio.

No tocante á documentación anteriormente relacionada e que debe achegarse ca solicitude de bonificación das actividades extraescolares durante o curso escolar 2025/2026, ao abeiro do establecido no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP) **DECLARO** que todos os documentos son veraces, que concordan cos orixinais que posúo e que os exhibirei en calquera momento a requirimento dese concello.

Así mesmo,

AUTORIZO: Ao Concello de Oza- Cesuras a consultar e recabar os documentos citados no cadro seguinte, que non sufriron ningún tipo de variación nin actualización, e que xa foran achegados con anterioridade no rexistro xeral deste concello no procedemento e nas datas que se indican:

Documento	Procedemento e data en que se presentou
DNI da nai do/a menor	
DNI do pai do/a menor	
Último convenio regulador	
Libro de Familia	

Oza – Cesuras, _____ de _____ do 2025

Asdo.: _____





ANEXO II

SOLICITUDE DE BONIFICACIÓN ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES CURSO 2025-2026

DATOS DO/A SOLICITANTE

Nome e apelidos					
D.N.I.					
Pai		Nai		Titor/Titora	
Enderezo					
Teléfono					
Número membros unidade familiar					
Autorizo á consulta dos datos de empadramento da unidade familiar		SI		NON*	

- No caso de non autorizar á consulta dos datos de empadramento da unidade familiar deberá achegar certificado de empadramento colectivo no que apareza o solicitante e os menores obxecto da bonificación.

EXPÓN:

Que tendo coñecemento de que a cláusula 3.3 das Bases reguladoras das actividades extraescolares durante o curso escolar 2025/2026 establecen BONIFICACIÓNS para actividades extraescolares para o curso académico 2025/2026 a aquelas familias empadroadas neste Municipio das que os seus fillos/as estean escolarizados no CEIP Oza dos Ríos.

SOLICITA A CONCESIÓN DA SEGUINTE:

Actividades extraescolares (2º ciclo Educación Infantil e Educación Primaria)

NOME DO ALUMNO/ALUMNA	CURSO
1.-	
2.-	
3.-	
4.-	
5.-	

Oza - Cesuras, _____ de _____ de 2025

Asdo.: _____



SR. ALCALDE DO CONCELLO DE OZA-CESURAS



ANEXO III

AUTORIZACIÓN PARA OBTENER DATOS DA AXENCIA ESTATAL DA ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA

As persoas que asinan abaixo, autorizan ao Concello de Oza-Cesuras a solicitar á Axencia Estatal da Administración Tributaria información de natureza tributaria para o recoñecemento, seguimento e control do cumprimento dos requisitos establecidos na axudas para actividades extraescolares para o curso académico 2025/2026 a aquelas familias empadroadas neste Municipio das que os seus fillos/as realicen estudos no CEIP Oza dos Rios, cando a persoa que consta no apartado A da presente autorización poida resultar beneficiaria.

A presente autorización outorgase exclusivamente aos efectos de recoñecemento, seguimento e control da subvención ou axuda mencionada anteriormente e en aplicación do disposto no artigo 95.1 k) da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, que permite, previa autorización do interesado, a cesión dos datos tributarios que precisen as AA. PP. para o desenvolvemento das súas funcións.

INFORMACIÓN TRIBUTARIA AUTORIZADA: DATOS QUE POSÚA A AXENCIA TRIBUTARIA DO IMPUESTO SOBRE LA RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS DO EXERCIZO 2023.

A.- DATOS DO SOLICITANTE DA AXUDA.

APELIDOS E NOME	
NIF	SINATURA

B.- DATOS DE OUTROS MEMBROS DA FAMILIA DO SOLICITANTE CUXOS INGRESOS SON COMPUTABLES PARA O RECOÑECIMENTO, SEGUIMENTO O CONTROL DA AXUDA.

(Unicamente maiores de 18 anos)

NIF	Apellidos e nome	Sinatura

En Oza-Cesuras, a ____ de ____ de 2025

NOTA: A autorización concedida polos que arriba asinan pode ser revogada en calquera momento mediante escrito dirixido ao organismo solicitante.

**Deberán achegar copia do DNI de todos os membros da unidade familiar cuxos ingresos sexan computables para o recoñecemento, seguimento e control da axuda, se xa foron presentados para o seguinte procedemento _____ o ____/____/____.*





ANEXO IV

CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS PREVISTOS NO ARTIGO 13 DA LEI 38/2003 E ARTIGO 10 DA LEI 9/2007

(para cubrir por todos os solicitantes)

Eu, don/dona _____
con DNI núm. _____, veciño/a de Oza – Cesuras

DECLARO que cumpro os requisitos previstos no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e estou ao corrente das obrigas tributarias co Concello de Oza-Cesuras.

Oza-Cesuras, _____ de _____ de 2025

Asdo.: _____

